

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

PORTUGUÉS

Curso 2020- 2021

ÍNDICE

a) Introducción e contextualización.....	2
b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.....	4
c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.....	11
Correspondencia entre obxectivos, Contidos, Criterios de avaliación, Estándares de aprendizaxe e competencias clave para cada un dos cursos segundo o Anexo I do <i>Decreto 86 / 2015</i>	14
1. Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO.....	14
2. Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO.....	35
3. Segunda lingua estranxeira. 3º de ESO.....	47
d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:.....	57
1º de ESO.....	58
2º de ESO.....	63
3º de ESO.....	71
e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	78
Metodoloxía de traballo no caso de ensino non presencial.....	81
f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.....	82
g) Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.....	83
h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	88
Indicadores de logro do proceso de ensino.....	88
i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	89
j) Organización dos procedementos que permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.....	90
k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	91
l) Medidas de atención á diversidade.....	91
m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda..	92
n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.....	94
ñ) Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	94

a) Introducción e contextualización.

Nunha Europa occidental pluricultural e plurilingüe o ensino das linguas é un dos maiores desafíos para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social entre os diversos pobos, de transmisión de todas as áreas de coñecemento, de investigación, de descuberta e de creatividade. As linguas son a expresión do pensamento, do comportamento e modos de vida de outros pobos e permítenos achegarnos aos diversos patrimonios culturais fomentando así a tolerancia, o espírito crítico e a capacidade de valorar as diferentes identidades culturais europeas e mundiais entre o alumnado.

En consecuencia, a aprendizaxe das linguas consiste tanto en adquirir a capacidade de transmisión de diferentes tipos de mensaxes -emocións, experiencias vitais, científicas, xurídicas, artísticas- como na posibilidade de intercambialas e de establecer relacións interpersoais con outras culturas e sociedades diferentes. A lingua é o motor e expresión íntima do noso pensamento e reflexións e a luz que ilumina todos os camiños da sabedoría e permite o acceso a todas as áreas do saber. A formación lingüística no contexto escolar é un instrumento que debe facilitar os medios necesarios para comunicarse e achegarse ao mundo laboral, profesional, social, lúdico e creativo que as diferentes linguas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos e acordos, está comprometido nunha política lingüística de protección do patrimonio lingüístico e cultural de Europa e no desenvolvemento da diversidade

cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e cidadás, e o intercambio de ideas.

A educación plurilingüe e intercultural considera, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e ten como finalidade eliminar as fronteiras entre as linguas que tradicionalmente se viñan establecéndonos sistemas de ensino. O aprendiz plurilingüe abordará as tarefas de comunicación en varias linguas desde a súa propia e realizará as transferencias de coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos dunha lingua para outras. Esta capacidade de transferencia permite non só descubrir e comparar desde o punto de vista teórico as regularidades e termos do código dunha lingua descoñecida total ou parcialmente, partindo da lingua do seu entorno social, (no noso caso o galego ou castelán), coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, senón que tamén ao identificar os termos e as regras emparentados en todas as linguas, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como a lectura extensiva e a comprensión de textos orais.

Por outra parte, o diálogo intercultural facilita as relacións sociais, laborais e profesionais e o recoñecemento de outras identidades como lexítimas aceptando así a diversidade persoal, social e cultural, e o respecto polos dereitos fundamentais dos pobos e nacións europeas e universais.

O IES de Allariz non tendo Departamento propio de Portugués lingua estranxeira, a materia adscribítese ao Departamento de Lingua Galega e Literatura. Este curso académico impartirán docencia de portugués:

- María Dolores Cid Cid (profesora do departamento de Lingua Galega) 1º ESO.
- Silvia Gaspar García (profesora do departamento de francés) 2º ESO e 3º ESO.

✓ Alumnado de portugués por niveis:

1º ESO: 10 estudantes

2º ESO: 7 estudantes

3º ESO: 14 estudantes

TOTAL: 31

b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.

A materia de portugués como segunda lingua estranxeira contribúe á adquisición das seguintes competencias:

- **Competencia en comunicación lingüística (CCL)** de xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos a citada capacidade comunicativa do alumnado. A súa aprendizaxe, baseada nas habilidades

comunicativas, contribúe ao desenvolvemento de devandita competencia no mesmo sentido en que o fai a primeira lingua estranxeira e as linguas maternas. A chegada da segunda lingua estranxeira ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística é primordial no discurso oral ao adquirir as habilidades de escoitar, falar e conversar, e mellora a competencia comunicativa xeral ao desenvolver a habilidade para expresarse, oralmente e por escrito, utilizando as convencións e a linguaxe apropiada a cada situación, interpretando diferentes tipos de discurso en contextos e con funcións diversas.

O recoñecemento e a aprendizaxe progresiva das regras de funcionamento do sistema interno da lingua estranxeira, a partir das linguas que se coñecen, mellorará a adquisición desta competencia.

- A materia de portugués contribúe de xeito esencial ao desenvolvemento da **competencia de aprender a aprender (CAA)** posto que acrecenta a capacidade lingüística xeral, conferíndolle novas potencialidades e recursos para a comprensión e expresión, facilitando ou completando a capacidade do alumnado para interpretar ou representar a realidade e así construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións. Esta competencia faise enormemente rendible se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada estudante poida identificar como aprende mellor e que estratexias son máis eficaces. O

desenvolvemento de estratexias diversas de aprender a aprender prepara o alumnado de forma progresiva na toma de decisións que favorecen a súa autonomía para utilizar e para seguir aprendendo a segunda lingua estranxeira ao longo da vida.

- Esta materia é unha boa facilitadora do desenvolvemento da **competencia social e cívica (CSC)**. As linguas serven ás persoas falantes para comunicarse socialmente, forman parte da cultura común das diferentes comunidades e nacións pero tamén, en gran medida, son vehículo de transmisión cultural e favorecen o respecto, o interese, a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e aceptación de diferenzas culturais e de comportamento. O intercambio de información persoal axuda a reforzar a identidade das persoas interlocutoras. Na segunda lingua estranxeira é especialmente relevante o traballo en grupo e en parellas, e, a través destas interaccións, apréndese a participar, a expresar as ideas propias e a escoitar as dos demais, desenvólvese a habilidade para construír diálogos, negociar significados, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros e compañeiras, conseguir acordos e, en definitiva, favorece aprender de e cos demais.
- As tres competencias que acabamos de citar están en relación directa coa **competencia en tratamento da información e competencia dixital (CTICD)**. As tecnoloxías da información e a comunicación

ofrécennos a posibilidade de comunicarnos en tempo real con calquera parte do mundo e tamén o acceso sinxelo e inmediato a un fluxo incesante de información que crece cada día. O coñecemento do portugués facilita o acceso á información que se pode atopar nesa lingua (á vez que ofrece a posibilidade de utilizala na comunicación persoal a través do correo electrónico ou en intercambios con mozos e mozas doutros lugares), creando contextos reais, comunicativos e funcionais de interacción oral e escrita. Así mesmo, e na medida en que a lingua estranxeira esixe o contacto con modelos lingüísticos moi diversos, a utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe é inherente á materia, e este uso cotián contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

- O currículo de portugués inclúe especificamente un achegamento a manifestacións culturais e sociais propias da lingua e dos países nos que se fala; xa que logo, contribúe a adquirir a **competencia da conciencia e expresións culturais** ao propiciar a paulatina aproximación a obras, monumentos, composicións ou autores e autoras que contribuíron á creación artística e histórica. Así mesmo, contribúe ao desenvolvemento desta competencia ao facilitar a expresión das opinións, gustos e emocións que producen as manifestacións culturais e artísticas e ao favorecer traballos creativos individuais e en grupo, tales como a procura de información, análise, realización e representación de simulacións e narracións. En definitiva, vehicular a segunda lingua estranxeira ao coñecemento e a

apreciación da diversidade cultural a partir de manifestacións artísticas contribuirá ao desenvolvemento da citada competencia.

- O coñecemento do portugués contribúe á adquisición da **competencia do sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)** en varios sentidos. O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula, o manexo de recursos persoais e habilidades sociais de colaboración e negociación, o que supón poñer en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e a toma de decisións respecto da planificación, organización e xestión do traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.
- De maneira máis tanxencial tamén contribúe á **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)**, especialmente a través de textos e vídeos que traballaremos seguindo a actualidade do mundo lusófono.

Rúbrica de avaliación por competencias

	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN					NIVEIS DE CLASIFICACIÓN				
	OBSERVAR	PROBA ESCRITA	PROBA ORAL	CADERNO	OUTROS	NON ACADADO	NIVEL BAJO	NIVEL MEDIO	NIVEL ALTO	ACADADO
1. Competencia en comunicación lingüística (CL).										
CL 1.1. Escoita e entende secuencias de instrucións o direccións sinxelas, dadas polo profesorado.										

CL1.2. Capta o sentido global en textos orais variados emitidos en diferentes situacións de comunicación.		
CL1.3. Identifica informacións específicas en textos orais variados emitidos en diferentes situacións de comunicación.		
CL1.4. Comprende globalmente e extrae información específica de situacións curtas e sinxelas coa visualización repetida do documento audiovisual.		
CL1.5. escoita e discrimina sons.		
CL2. FALAR		
CL2.1. Fai un uso adecuado da pronunciación, ritmo, entoación e acentuación en diferentes contextos.		
CL2.2. Participa en representacións sinxelas.		
CL2.3. Pode organizar breves exposicións, dicindo o lendo en voz alta para toda a clase textos breves de realización propia.		
CL3. CONVERSAR		
CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua extranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa.		
CL3.2. Mantén conversacións cotiás e familiares sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predecibles.		
CL4. LER		
CL4.1. Capta o sentido global de textos sinxelos.		
CL4.2. Localiza información explícita en textos diversos sobre temas de interés.		
CL4.3. Realiza inferencias directas na comprensión de textos diversos sobre temas de interés.		
CL4.4. Lee textos diversos sobre temas de interés.		
CL5. ESCRIBIR		
CL5.1. Escribe na lingua extranxeira a partir de modelos traballados previamente.		

CL5.2. Elabora textos escritos atendendo ao destinatario e à finalidade do texto.		
3. Competencia digital		
CD1. Busca, recopila e organiza información en soporte dixital.		
CD2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para contrastar e comprobar información.		
CD3. Utiliza o soporte dixital para a aprendizaxe da lingua estranxeira.		
4. Aprender a aprender (AA)		
AA1. Usa algunhas estratexias para aprender a aprender, como utilizar dicionarios bilingües e monolingües.		
AA2. Usa algunhas estratexias de tipo receptivo ou interactivo para resolver problemas de comunicación.		
AA3. Valora a lingua estranxeira como ferramenta de aprendizaxe.		
5. Competencias sociais e cívicas (SC)		
SC1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predecibles		
SC2. Respeta as normas básicas de intercambio como escoitando e mirando a quen fala, respetando o turno de palabra.		
SC3. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación con outras personas e mostra curiosidade e interese hacia as persoas que falan a lingua estranxeira.		
SC4. Identifica algunhas costumes de países onde se fala a lingua estranxeira.		
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (IEE)		
SIEE1. Busca, recopila e organiza información en diferentes soportes.		
SIEE3. Utiliza estratexias sinxelas de planificación e comprobación do traballo realizado.		

7. Competencia en conciencia e expresións culturais		
CEC1. Mostra curiosidade e interés por coñecer información sobre as persoas e a cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.		
CEC2. Identifica algunhas tradicións de países onde se fala a lingua estranxeira.		
CEC3. Utiliza técnicas artísticas para a presentación de proxectos ou documentos escritos.		
CEC4. Participa na elaboración de composicións grupais utilizando diferentes recursos expresivos musicais e/ou escénicos.		

c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.

O DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establece no artigo 10 os seguintes obxectivos para a educación secundaria obrigatoria:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas s comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e o destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de

relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Correspondencia entre obxectivos, Contidos, Criterios de avaliación, Estándares de aprendizaxe e competencias clave para cada un dos cursos segundo o Anexo I do *Decreto 86 / 2015*.

1. Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: <ul style="list-style-type: none"> – Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC

	<p>contexto.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. – Identificación de palabras clave. – Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). – Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. – Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira. <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. ▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. ▪ B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de 	<p>se repita se o necesita.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula. ▪ SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
--	---	---	--	--

<p>solicitando repetición ou reformulacións do dito.</p>	<p>mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico)</p>	<p>de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.</p>	
<p>▪ B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.).</p>	<p>emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.</p> <p>▪ B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de</p>	<p>▪ SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar.</p>	<p>▪ CCL</p> <p>▪ CAA</p> <p>▪ CCEC</p> <p>▪ CD</p>

		forma clara e comprensible.		
	Bloque 2. Producción de textos orais			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> – Planificación: <ul style="list-style-type: none"> – Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. – Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. ▪ B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas , esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC

	<p>intención comunicativa</p> <p>– Execución:</p> <p>– Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou as ideas principais, e a súa estrutura básica.</p> <p>– Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de</p>	<p>fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.</p> <p>▪ B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e</p>	<p>▪ SLEB2.2. Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.</p>	<p>▪ CCL</p> <p>▪ CAA</p> <p>▪ CCEC</p> <p>▪ CD</p>
--	--	---	--	---

	<p>interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>– Expresión da mensaxe con claridade, coherencia básica e estrutura adecuada, e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.</p>	<p>nocións (horarios, datas, cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p> <p>▪ B2.4. Dar e obter información sobre datos</p>	<p>▪ SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.</p>	<p>▪ CCL</p> <p>▪ CAA</p> <p>▪ CCEC</p> <p>▪ CD</p>
--	---	---	---	---

	<ul style="list-style-type: none"> – Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. – Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos – Lingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> – Modificación de palabras de significado parecido. – Definición ou paráfrase dun termo ou expresión. – Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta. – Petición de axuda. 	<p>básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos , e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC

	<ul style="list-style-type: none"> – Paralingüísticos : <ul style="list-style-type: none"> – Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado. – Uso da linguaxe corporal culturalment e pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal). – Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc) de valor comunicativo . ▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender. ▪ B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de 		<p>directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>	
--	---	--	---	--

	<p>situación de comunicación (chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda, etc.), igualmente cotiás e moi básicas.</p>			
	<p>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</p>			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. – Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva) – Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas. ▪ B3.2. Seguir instrucións básicas e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese. ▪ SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente e se contan con apoio visual. ▪ SLEB3.3. Comprende 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL

<p>xeral, información esencial e puntos principais).</p> <ul style="list-style-type: none"> – Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas. 	<p>comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles, e traballadas previamente.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia. ▪ B3.4. Comprender textos propios de situacións cotiás próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos. 	<p>información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiás e propios da súa idade.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
---	--	---	---

	Bloque 4. Producción de textos escritos			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> – Planificación: – Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). – Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). – Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula. ▪ B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal. ▪ B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. ▪ SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD

	<p>para elaborar os propios textos.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Execución: – Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. – Estruturación do contido do texto. – Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. – Expresión da mensaxe con claridade, axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. – Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente 	<p>inmediata necesidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB4.3. Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidad e ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD

	<p>lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "paréceme ben", etc.). – Revisión: <ul style="list-style-type: none"> – Identificación de problemas, erros e repeticións. – Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. – Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). – Reescritura definitiva. 		<p>forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.</p>	
	<p>Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe</p>			

<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos. <ul style="list-style-type: none"> – Sons e fonemas vocálicos. – Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. – Procesos fonolóxicos máis básicos. – Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración. ▪ B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas <ul style="list-style-type: none"> – Uso das normas básicas de ortografía da palabra. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender. ▪ B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade e léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e iníciase no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
---	--	--	--	--

	<ul style="list-style-type: none"> – Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. ▪ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> – Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos. ▪ B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
--	---	--	--	--

	<p>– Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a</p>	<p>▪ B5.5. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan</p>	<p>▪ SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p>	<p>▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC</p>
--	--	---	--	-----------------------------------

<p>costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.</p> <p>– Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>– Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>▪ B5.4. Plurilingüismo:</p> <p>– Identificación de similitudes e diferenzas entre</p>	<p>traballados en clase previamente.</p> <p>▪ B5.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>▪ SLEB5.4. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.</p> <p>▪ SLEB5.5. Participa en proxectos (elaboración de materiais</p>	<p>▪ CCL</p> <p>▪ CAA</p> <p>▪ CCEC</p> <p>▪ CD</p> <p>▪ CCL</p> <p>▪ CAA</p>
--	---	---	---

	<p>as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p>		<p>multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CD
--	--	--	--	--

	<ul style="list-style-type: none"> – Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe. ▪ B5.5. Funcións comunicativas: <ul style="list-style-type: none"> – Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. – Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. – Narración de acontecementos e descrición de estados e 			
--	---	--	--	--

	<p>situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias. – Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza. – Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición. – Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios. – Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso. <p>▪ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo</p>			
--	---	--	--	--

	<p>a:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación. – Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles 			
--	--	--	--	--

	<p>doutras áreas do currículo.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma. 			
--	--	--	--	--

Contidos sintáctico-discursivos de portugués de 1ºESO

- Expresión de relación lóxicas: adición (*e, nem*); disxunción (*ou*); oposición/contraste (*mas*); causa (*porque*); comparación (*mais/menos/ tão + Adj./Adv.+ (do) que/ como /quanto; maior / mais pequeno...*).
- Relacións temporais (*antes, agora, depois*).
- Afirmación (sentenzas declarativas afirmativas).
- Exclamación (formas elípticas: *Que (+ Subst.) + Adj.*, p. ex. *Que dia lindo!*; *Que gentil!*).
- Negación (sentenzas declarativas negativas con *não, nunca*).
	<p>Bloque 2. Producción de textos orais.</p> <p>SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas se se articulan clara e lentamente.</p>	<p>Pronunciar de maneira intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p>	<p>Probas orais</p>
	<p>Bloque 3. Comprensión de textos escritos.</p> <p>SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran parte da mensaxe.</p>	<p>Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, a títulos e outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas polo contexto e mediante os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p>	<p>Probas escritas Traballos</p>
	<p>Bloque 4. Producción de textos escritos.</p> <p>SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), na que se</p>	<p>Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos moi estruturados e</p>	<p>Probas escritas Traballos</p>

	intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, e se fan e se aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans).	con axuda previa na aula.	
	Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe. SLEB5.1. Produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.	Traballos Probas orais
2ª avaliación	Bloque 1. Comprensión de textos orais. SLEB1.3. Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes) nas que se utilicen frases feitas e estruturas sinxelas e previamente traballadas sobre datos persoais, horarios, prezos, números e preguntas sinxelas, e que se desenvolvan con lentitude e boa articulación. SLEB1.4. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves. Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos elementais na vida cotiá, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e moi ben articuladas e lentamente, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se se poden escoitar máis dunha vez.	Probas escritas e orais
	Bloque 2. Producción de textos orais SLEB2.2. Desenvólvese coa	Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais	Probas orais

	<p>eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito.</p>	<p>monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura moi simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe aos recursos dos que se dispón, ou a reformulación ou explicación de elementos.</p>	
	<p>Bloque 3. Comprensión de textos escritos.</p> <p>SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián (por exemplo, unha máquina expendedora), así como instrucións sinxelas para a realización de actividades e normas de seguridade básicas (por exemplo, nun centro docente).</p> <p>SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela sentimentos e desexos, plans e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p>	<p>Seguir instrucións e consignas básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi básicas e predicibles, traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual.</p> <p>Comprender información relevante e previsible en textos informativos ou narrativos breves, moi sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade.</p>	<p>Probas escritas Traballos</p>
	<p>Bloque 4. Produción de textos escritos.</p> <p>SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para asociarse a un club internacional de xente nova).</p>	<p>Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.</p>	<p>Probas escritas Traballos</p>
	<p>Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe.</p> <p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas</p>	<p>Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p> <p>Utilizar para a comprensión e</p>	<p>Traballos Probas orais</p>

	<p>básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.</p> <p>SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p>	<p>a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos</p>	
3ª avaliación	<p>Bloque 1. Comprensión de textos orais</p> <p>SLEB1.5. Comprende, nunha conversa formal na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p> <p>SLEB1.6. Identifica as ideas principais de programas de televisión e de presentacións moi sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns predicibles ou do seu interese, previamente traballados, articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias ou reportaxes breves), cando as imaxes constitúen grande parte da mensaxe.</p>	<p>Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns que se desenvolvan na súa presenza, nas que se describan, de xeito moi breve e sinxelo, persoas, lugares e obxectos, e se narren acontecementos elementais, sempre que poida solicitar que se repita o dito.</p> <p>Seguir un texto breve articulado con claridade e pausadamente, no que se utilicen expresións sinxelas e habituais previamente traballadas e referidas a temas moi coñecidos dos ámbitos persoal e educativo (datos persoais, gustos e hábitos, materias que cursa, etc.), adecuado ao seu nivel escolar, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística.</p> <p>Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas, que conteñan conversas, narracións e/ou descriucións predicibles, e de presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e o apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados, e que estean pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que sexa necesario escoitalas máis</p>	<p>Probas escritas e orais</p>

		dunha vez..	
	<p>Bloque 2. Produción de textos orais</p> <p>SLEB2.3. Participa en conversas informais breves, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, se intercambia información e se expresan opinións de xeito sinxelo e breve, se fan invitacións e ofrecementos, se piden e se ofrecen cousas, se piden e se dan indicacións ou instrucións, ou se discuten os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, expresando o acordo ou o desacordo de xeito moi básico.</p> <p>SLEB2.4. Desenvólvese de maneira simple nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais, e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.</p>	<p>Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi elementais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. Interactuar de xeito simple en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que poidan darse desaxustes na adaptación ao interlocutor. Dar información sobre datos básicos persoais, expectativas ou gustos, utilizando un repertorio moi básico de expresións memorizadas sinxelas e habituais sobre estes datos, sempre que poida pedir confirmación da comprensión á persoa interlocutora ou que se lle repita o dito.</p>	<p>Probas orais</p>
	<p>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</p> <p>SLEB3.4. Entende a idea xeral de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre un curso de verán).</p> <p>SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese (por exemplo, sobre unha cidade), sempre que poida reler as seccións difíciles.</p>	<p>Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e a información importante en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro neutro ou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.</p>	<p>Probas escritas Traballos</p>

	<p>Bloque 4. Produción de textos escritos</p> <p>SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes (mensaxes instantáneas, chats, etc.), onde fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.</p> <p>SLEB4.4. Escribe correspondencia formal moi básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas, ou a entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, e fai unha presentación do texto limpa e ordenada.</p>	<p>. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata.</p> <p>Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística (adeuada ao seu nivel escolar) e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.</p>	<p>Probos escritas Traballos</p>
	<p>Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe</p> <p>SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.</p>	<p>Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p> <p>Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan</p>	<p>Traballos Probos orais</p>

		traballados na clase previamente	
--	--	-------------------------------------	--

e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.

O achegamento a unha segunda lingua estranxeira como é o portugués para o alumnado galego require unhas concrecións metodolóxicas moi específicas e que se deben ir adaptando a cada grupo-aula.

A profesora será a guía no proceso de ensino-aprendizaxe e para que este sexa eficaz é necesario tomar como referencia o nivel actual do alumnado, é dicir, os coñecementos previos. É imprescindible recordalos e actualalos de forma sistemática, xa que sobre eles se asentarán os novos. A aprendizaxe será unhas veces por facilitar contidos de xeito ordenado por parte da profesora e outras por descubrimento do alumnado.

Por outra parte, o grao de motivación afecta ao rendemento e, para incrementalo, convén facer explícita a utilidade dos contidos. O traballo en grupo facilita o intercambio de experiencias e a cooperación; para asegurar o éxito deste hai que elixir a actividade e o momento para a súa realización, así traballarase en grupos en todos os niveis, e noutras ocasións de maneira individual ou en parellas.

Tratamento das catro destrezas:

a) A comprensión oral:

Ao longo da Secundaria, e sobre todo en 1º, nas situacións de comunicación oral, antes de chegar á expresión propiamente dita, fórmase,

nun primeiro momento, o proceso que vai da recepción ou exposición da lingua á comprensión ou acceso ao sentido. Para chegar a comprender, é importante que o alumno/a sexa obxecto dunha exposición á lingua o máis ampla e variada posible (documentos sonoros variados, adaptados e orixinais), a profesora, os demais compañeiros e compañeiras, etc.) para que, á súa vez, poida elaborar hipóteses de sentido que irá verificando mediante a interacción. Este procedemento mantense ao longo de toda a etapa, se ben o grao de dificultade dos contidos vai en aumento en función do nivel acadado polo alumnado e do establecido polos contidos mínimos.

Entre as actividades destinadas a descubrir a comprensión oral, cabe mencionar as seguintes: pescuda de información global ou específica, discriminación auditiva de fonemas, actividades de relacionar, repeticións, verdadeiro/falso, completar ocos, etc.

A esta destreza darémoslle máis énfase, posto que, sendo o galego e o portugués linguas próximas, onde mais diferenza se percibe é nos sistemas fonéticos de ambas linguas.

b) A comprensión escrita:

Traballaranse tipos variados de textos escritos:

- Textos que acompañan as diferentes unidades do libro.
- Textos curtos (cartas, anuncios, carteis, folletos, descrições, cancións, diálogos, etc.)
- Breves narracións atractivas, que intenten captar o interese do alumnado e fomentar o seu desexo de ler (cómic, etc.).

Entre as actividades destinadas á comprensión escrita, cabe mencionar as seguintes: pescuda de información global ou específica, actividades de relacionar, verdadeiro/falso, clasificación de informacións, cuestionarios, completar ocos, etc.

c) A expresión oral:

Trátase de estimular o uso do portugués na aula mediante unha gran variedade de actividades para a práctica da expresión oral, xa sexan individuais, por parellas, en pequeno grupo, en grupo-clase, tanto cos demais compañeiros coma coa profesora.

Ao igual que coa comprensión oral, darémoslle máis énfase a esta destreza, posto que, sendo o galego e o portugués linguas próximas, onde mais diferenza se percibe é nos sistemas fonéticos de ambas linguas.

d) A expresión escrita:

Proporanse actividades guiadas, que irán aumentando en dificultade segundo os niveis: dende escribir pequenas frases ou textos dirixidos a actividades de produción libre como cartas, redaccións, etc.

As estratexias de aprendizaxe:

A aprendizaxe do portugués debe de ser un proceso consciente. Neste sentido a profesora, ademais de propor ao alumnado tarefas que teñan como obxectivo que o alumnado sexa consciente de ata que punto aprende e como desenvolve dita aprendizaxe, proporcionaralle tamén

consellos, ideas e estratexias concretas para axudarlle neste proceso, é dicir, para aprender a aprender.

Metodoloxía de traballo no caso de ensino non presencial

Este curso escolar, por mor dunha posible suspensión das clases presenciais, traballamos nas aulas presenciais en paralelo coa Aula Virtual. O alumnado disporá dos materiais na Aula Virtual, e entregará os traballos a través da mesma. Creamos cursos cos mesmos temas cos do libro de texto. Igualmente adoptamos un manual para poder traballar online e offline. Deste xeito o alumnado estará preparado para o ensino a distancia, pois teremos superado as dificultades que presenta o cambio do presencial á distancia ou semi presencial.

- **ensino a distancia:** realizaremos dúas videochamadas a semana, no horario habitual da materia.
 - no caso de que algún/algunha estudante non teña cobertura suficiente para poder asistir ás aulas telemáticas, contactaremos por teléfono ou correo electrónico para o/a ir orientando.
- **ensino semi presencial:** cando haxa alumnado que non poida asistir presencialmente as aulas, se temos a posibilidade de ter a aula habilitada con videocámara, daríamos a aula en streaming; en caso contrario, este alumnado traballará a través da Aula Virtual. Se é necesario, faremoslle un seguimento por correo electrónico ou teléfono.

f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.

Utilizaremos o manual *Tu cá, Tu lá* da editorial Porto editora por ser un manual que poderemos seguir utilizando en la ensinanza a distancia ou semi presencial.

- 1ºESO: Nivel A1 volume 1
- 2ºESO: Nivel A1 volume 2
- 3ºESO: Nivel A2 volume 1

Temporalización dos contidos do método:

- Primeira avaliación: unidades 1,2
- Segunda avaliación: unidades 3, 4 e 5
- Terceira avaliación: unidades 6, 7 e 8

Ademais empregaremos todos aqueles materiais que consideremos didacticamente axeitados para cada nivel, como poden ser:

- lecturas diversas de libros e/ou textos escollidos, adaptados ao nivel de lingua en concreto e de temáticas que sexan atractivas para o alumnado e fomenten o seu interese pola lectura e pola aprendizaxe da lingua e cultura portuguesa.
- Visionado de fragmentos de películas, curtametraxes e todo aquel material audiovisual relacionado cos contidos estudados que as profesoras cosideren axeitado (*programas de radio, telejornal, vídeo clips, documentários, publicidade, etc.*), acompañados de fichas

pedagógicas que permitan traballar aspectos diferentes da lingua e cultura portuguesa.

- Audicións de extractos de cancións acompañadas de fichas pedagógicas que permitan traballar aspectos diferentes da lingua e cultura portuguesa.
- Pósters, tarxetas de felicitación, imaxes, representacións de fragmentos teatrais, escenificación de situacións de comunicación, e todos aqueles recursos que favorezan a aprendizaxe da lingua e da cultura portuguesa e estimulen o seu emprego por parte do alumnado.
- Novas tecnoloxías: Todas as aulas do centro dispoñen de ordenador, proxector, alt falantes e acceso à internet. Isto será empregado para reforzar a aprendizaxe dos contidos mediante consulta de blogues e webs interesantes, pescuda de información na rede, e fundamentalmente para traballar a expresión e comprensión orais. Por outra banda, o acceso a internet permitiranos achegar ao mundo da lusofonía.

Ademais, os cursos de portugués contan con aula virtual, no que o alumnado irá traballando de xeito paralelo ás clases presenciais.

g) Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.

Para comprobar o grao de consecución dos obxectivos xerais, propóñense os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

- Para avaliar a **comprensión e expresións orais**, realizaranse

actividades de escoita : escoitar e completar, escoitar e asociar, preguntar a un/unha compañeiro/a – *Sondaxes – cuestionarios – xogos de rol – imaxina un diálogo – completa os textos con ocos – Fai frases – Resposta ás preguntas - Preguntas de escolla múltiple – Verdadeiro ou Falso ..* así como as instrucións da profesora na aula.

A avaliación da **expresión oral** en monólogos ou situacións interactivas e o emprego de recursos que aseguren a comunicación coa persoa interlocutora farase mediante a lectura expresiva en voz alta, a expresión de opinións persoais, a escenificación de diálogos, as sondaxes, entrevistas e cuestionarios, xogos e memorización, etc.

Faranse tamén probas de comprensión oral. As probas consistirán na escoita de documentos auténticos ou adaptados, relacionados co aprendido, con respostas do tipo *verdadeiro/Falso, escolle a resposta correcta – Completa a frase – une as imaxes aos diálogos, etc....*

- Para avaliar a **comprensión escrita**, as probas versarán sobre textos auténticos ou adaptados ao nivel de coñecementos de cada curso. As actividades serán do variadas: *Le e Completa – Le e asocia – Le e atopa – Le e resposta ás preguntas ...* así como actividades de *verdadeiro/falso*, preguntas de comprensión, pescuda da idea principal, recoñecemento do tipo de texto, etc.
- A avaliación da **expresión escrita** farase a través da elaboración por parte do alumnado de textos sinxelos relativos as principais intencións comunicativas e respetando as convencións da comunicación escrita (signos de puntuación, ortografía, coherencia e cohesión). Actividades

para avaliar este aspecto serían: *Copia e completa – Inventa unha conversa – Escribe unha mensaxe – Escribe un e-mail - Escribe unha carta...* así como a elaboración de cuestionarios, anuncios, redaccións sobre temas diversos, resumos, traballos sobre temas propostos, etc.

– **Reflexión sobre a lingua:**

A avaliación dos coñecementos que o alumnado ten sobre a lingua realizarase a través de exercicios específicos e da correcta aplicación dos aspectos gramaticais e lexicais nas catro destrezas nas probas realizadas.

Criterios de Calificación

Tanto en cada avaliación como ao termo do curso, valorarase o grao de consecución dos obxectivos programados. As cualificacións incluírán todas as destrezas do aprendizaxe e serán o resultado de : proba obxectivas (gramática, léxico, comprensión oral, comprensión escrita, expresión oral e expresión escrita), tarefas realizadas e traballos entregados.

Dado que o proceso de aprendizaxe dun idioma é progresivo e a adquisición de coñecementos novos vaise sumando aos aprendidos previamente, non se realizarán probas específicas de recuperación ao final de cada avaliación. O alumnado poderá amosar na avaliación seguinte que superou as deficiencias anteriores. Se os resultados non son positivos ao longo do curso, será avaliado globalmente ao final do curso de toda a materia vista ao longo do ano.

A **cualificación** do alumnado en cada avaliación desglósase da seguinte maneira:

- Unha PROBA por cada unidade; A nota media de todas as probas puntuará un **70 %** da nota da avaliación. Cada proba avaliará:

1. *Gramática e vocabulario*

2. *Comprensión escrita*

3. *Comprensión oral*

4. *Expresión escrita*

- *A expresión oral contará un 20% da nota do trimestre: só se realizará unha proba por trimestre, puntuarán ademáis as exposicións, diálogos da clase, etc.).*

- O traballo do alumnado (tarefas e presentacións) contará un **10% da nota do trimestre**.

Á hora de avaliar a destreza oral valoraranse os seguintes elementos:

- Pronuncia e fluidez. Aquí teranse en conta tanto a corrección na mesma, como a entonación e o ritmo.
- Contido. O alumnado deberá axustarse ao que se lle pide.
- Corrección gramatical e uso de vocabulario adecuado ao nivel.
- Coherencia e cohesión na organización da información.
- Estratexias. Valoraranse recursos para manter a comunicación.

Á hora de avaliar a **destreza escrita**, teranse en conta os seguintes factores:

- Contido. Adecuación de forma e estrutura.
- Corrección gramatical e uso de vocabulario adecuado ao nivel.
- Ortografía, puntuación
- Coherencia, cohesión e organización da información en parágrafos.

O alumnado terá que obter un mínimo de 5 puntos sobre 10 para superar a materia.

Avaliación ordinaria de xuño: A CALIFICACIÓN DE FINAL DE CURSO na avaliación ordinaria será a que obteña o alumnado na terceira avaliación. No caso de non superar a terceira avaliación, o alumnado poderá facer un exame final de recuperación.

Convocatoria extraordinaria

Se cos procedementos de avaliación ordinaria o alumnado non acadase unha avaliación positiva na materia, terá a posibilidade dunha **avaliación extraordinaria**, que consistiría nunha proba escrita con diferentes preguntas sobre a materia vista ao longo de todo o curso, na cal o alumno terá que demostrar que acadou os obxectivos mínimos esixibles.

h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Ao final do curso realizarase unha análise atendendo aos seguintes cuestionarios.

Indicadores de logro do proceso de ensino	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

Indicadores de logro da práctica docente	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				

10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Non hai neste curso académico alumnado con portugués pendente. No entanto, no caso de que se incorpore ao longo do curso alumnado con portugués pendente, farán un seguimento de dito alumno/a as profesoras de portugués.

O alumnado coa materia pendente do nivel ou niveis anteriores será cualificado pola profesora do grupo no que estea matriculado. Este curso impártese 1ºESO, 2ºESO e 3ºESO. No caso de que a pendente sexa dun curso diferente, organizaranse as profesoras para dito seguimento.

- Alumnado que se incorpore ao IES de Allariz coa materia pendente e curse portugués no curso actual: poderá recuperar a materia directamente, sen ter que facer ningunha proba específica de recuperación, se obtén resultados positivos nas dúas primeiras avaliacións. A profesora correspondente apoiará e prestaralle unha atención especial, facilitándolle material complementario se é preciso.

Para o alumnado que non acade resultados positivos do xeito descrito anteriormente, haberá un exame de recuperación global na data indicada polo departamento.

- Alumnado coa materia pendente e non curse portugués no curso actual: as profesoras de portugués facilitaranlle unha serie de exercicios escritos, estruturados en unidades, que deberán ir realizando ao longo do curso e entregar nas datas indicadas para a súa corrección. Este **traballo** entregárase en dúas partes: a primeira no mes de **decembro**, e a segunda parte no mes de **marzo**. Representará o 40 % sobre a nota final.

Por outra banda, realizaranse dúas probas: a primeira terá lugar en **xaneiro** e a segunda en **abril** e terá un valor de 60% sobre a nota final. O alumnado deberá demostrar, mediante estas dúas probas, que o seu coñecemento da lingua acada os mínimos esixibles.

De non obter unha avaliación positiva deste xeito, deberá examinarse de toda a materia non mes de maio ou, se é o caso, en setembro en tempo e datas que marcará o centro.

j) Organización dos procedementos que permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato

Non se imparte bacharelato neste curso académico.

k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

En 1º da ESO a proba é oral, para comprobar cal era o coñecemento que o alumnado tiña da lingua nivel de expresión oral, contidos de vocabulario en xeral e a nivel sociocultural a situación da lingua portuguesa no mundo e dos trazos culturais de Portugal en particular.

En 2ºESO e 3ºESO, a avaliación inicial consistirá na observación na aula e no traballo realizado as primeiras semanas de curso a nivel oral. Completarase cunha proba que versará sobre os contidos mínimos do curso anterior.

l) Medidas de atención á diversidade.

EN 1º ESO e 2ºESO o alumnado con NEE non cursa a materia de segunda lingua estranxeira, quedando exento. Xa en 3º ESO é unha materia optativa, que normalmente cursa o alumnado que a cursou en 1º ESO e 2ºESO.

Con todo, en toda clase hai alumnado con diferentes estilos, ritmos de aprendizaxe e niveis de motivación, polo que se terá como obxectivo que cada estudante participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e alcance o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

Adaptaremos as actividades e fichas de traballo para atender os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado. Ao alumnado que presente

dificultades proporcionaráselle material complementario con actividades de reforzo. Así mesmo, a profesora proporcionará actividades de ampliación à aqueles estudantes que o requiran.

m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.

A programación de portugués abranguerá os seguintes elementos transversais establecidos no artigo 4 do decreto 86/2015:

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional.
2. Desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
3. Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con

discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

4. Prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
5. Afianzamento do espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
6. No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con

actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Estes elementos vanse tratar a través de diferentes documentos que se van traballar durante o curso (artigos de prensa, audios, extractos de películas, cancións, etc.) e que traten temas da actualidade e de interese para o alumnado.

n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.

Para a materia de portugués temos programadas as seguintes actividades:

- Contacto cun instituto de secundaria de Portugal para Intercambio de correspondencia ordinaria e/ou electrónica con estudantes lusófonos.
- Se as condicións sanitarias o permiten, realizaremos unha visita a unha cidade portuguesa, dun ou dous días. O obxectivo principal é coñecer unha cidade lusófona a través do contacto directo coas súas xentes, e a interacción e posta en práctica dos coñecementos do alumnado.

ñ) Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Ao longo de todo o curso, e especialmente despois de cada avaliación farase un seguimento da programación que permitirá reflexionar sobre a práctica docente, identificar posibles problemas no cumprimento da

programación e propor modificacións que revertan na mellora da práctica docente e na consecución dos obxectivos previstos.

Indicadores

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato].				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				